# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

## (ACTA NÚMERO 26)

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **doce de xullo de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 1/21 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-5806 "Frean (LU-617) –Diomondi – LU-617" P.K. 0+000 a 8+181.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-5806 "Frean (LU-617) – Diomondi – LU-617" P.K. 0+000 a 8+181, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7XHSXNAFF7L2OIUQGRCURW6A.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XHS7CYERD4W6SRVQRMHZRCE.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7XGHZKFXVY7W666VY56XXC6Y.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7XHSXC2EVS3VHKAH7S6ZSF4U.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XHS3Y2DXO7GGJSD54IJXBEA.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UUQKYGEXLTNGD4QFQCYRR6A.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7UUQK6DB4M3GG4YDWGMFSQKE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 2/21 |

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-5806 "Frean (LU-617) –Diomondi – LU-617" P.K. 0+000 a 8+181, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 115.378,76 €, dos cales 20.024,41 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2023**

*Escrito do Concello de Viveiro, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 328-329 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Viveiro, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (328-329) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 3/21 |

Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese "...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:
Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).
Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.
Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.
Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.
Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024."

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Viveiro presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| VIVEIRO | 328 | REPOSICIÓN DE SERVICIOS URBANOS EN VIALES SITOS EN GRANXAS-COVAS | 1532.76201 | 9.863,58€ |
| | 329 | SKATEPARK EN LODEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS | 3410.76201 | 6.550,02€ |




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 4/21 |

5. Por escrito de data 26/06/2024 e posteriores emendas, o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VIVEIRO | REM | LIQUIDACIÓN REPOSICIÓN DE SERVICIOS URBANOS EN VIALES SITOS EN GRANXAS-COVAS | 1532.76201 | 3.282,71€ | 9.863,58€ | 13.146,29€ |
| | REM | INTEGRACIÓN DO ESPAZO DO SKATE PARK NA ZONA DEPORTIVA EXISTENTE EN LODEIRO | 3410.76201 | 2.305,97€ | 6.550,02€ | 8.855,99€ |

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2023, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

7. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 16 das do Plan Único 2023, "...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación".

*Conclusión*.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Viveiro, no Plan Único 2023.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 5/21 |

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Viveiro e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VIVEIRO | REM | LIQUIDACIÓN REPOSICIÓN DE SERVICIOS URBANOS EN VIALES SITOS EN GRANXAS-COVAS | 1532.76201 | 3.282,71€ | 9.863,58€ | 13.146,29€ |
| | REM | INTEGRACIÓN DO ESPAZO DO SKATE PARK NA ZONA DEPORTIVA EXISTENTE EN LODEIRO | 3410.76201 | 2.305,97€ | 6.550,02€ | 8.855,99€ |

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE EXTENSIÓN DO PERÍODO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)- PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO).**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

"*Antecedentes.*

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 6/21 |

modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Segundo.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 02 de decembro de 2022, acorda concorrer a estas axudas presentando inicialmente un proxecto por cada unha das cinco liñas de estratéxicas. Posteriormente, en sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acorda agrupar dous deses proxectos en un, pasando de cinco(5) proxectos a catro(4).

Terceiro.- O Ministerio de Política Territorial, en resolución do 31 de maio de 2023 (que posteriormente foi modificada na resolución de 14 de xullo de 2023) conceden as axudas co seguinte reparto final:

| NUM EXPTE MINISTERIO | NOME PROXECTO | LIÑA | PRESUPUESTO PROXECTO | IMPORTE CONCESIÓN PROXECTO | INCREMENTO IMPORTE CONCESIÓN ART. 9.4 (resolución 31 de maio de 2023) | INCREMENTO IMPORTE CONCESIÓN ART. 9.4 (resolución 14 de xuño de 2023) | TOTAL SUBV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 499-632848 | Proyecto 1. Adecuación al Esquema Nacional de Interoperabilidad (ENI) y avance de la eficiencia de los servicios básicos de la administración digital de los ayuntamientos de la provincia de Lugo a través de la integración con los principales servicios y herramientas de interoperabilidad municipales | 5 | 297.000,00 € | 297.000,00 € | | | |
| 499-632865 | Proyecto 2. Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales. | 4 | 3.175.175,83 € | 1.291.445,83 € | 2.143.402,15 € | 689.834,66 € | 4.421.682,64 € |
| 499-632899 | Proyecto 3. Democratización en el acceso a la información de las vías intermunicipales de la provincia de Lugo y sistema de apoyo a la toma de decisiones | 3 | 3.470.000,00 € | 0,00 € | | | |
| 499-632921 | Proyecto 4. Ayuntamientos de la provincia de Lugo abiertos, transparentes y accesibles | 1 | 1.036.000,00 € | 0,00 € | | | |
| | | | 7.978.175,83 € | 1.588.445,83 € | | | |

Cuarto.- Os proxectos presentados pola Deputación de Lugo na convocatoria tiñan a orde de prelación que se mostra na táboa anterior. Posto que a concesión de axudas final é de 4.421.682,64 € non alcanza para realizar os catro proxectos inicialmente presentados, tampouco alcanzaría para realizar os tres primeiros (que suman 6.942.175,83 €). Así, proponse realizar os dous primeiros proxectos xunto co último o que suma un orzamento estimado de 4.508.175,83 €, cifra máis próxima ao importe final de axudas concedida. Desta forma as axudas repartiríanse entre os proxectos 1, 2 e 4, mantendo os importes mínimos indicados na concesión de axudas, e farase un replanteo e axuste dos mesmos para que a suma final do importe dos tres proxectos a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 7/21 |

executar non exceda dos 4.421.682,64 € da axuda concedida. Deste modo non será necesario que a Deputación de Lugo faga ningunha achega con fondos propios, xa que os proxectos 1, 2 e 4 executaranse, polo importe da axuda concedida.

Quinto.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2023, aproba o modelo de colaboración e os anexos para que os concellos da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes, beneficiarios últimos das axudas da Orde TER/836/2022 e dos proxectos que foron concedidos a Deputación, manifesten a súa decisión de participar no programa e indiquen, para cada un dos tres proxectos, en que actividades están interesadas. Desta forma, os tres proxectos e as súas subactividades, enmarcanse dentro do programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, aprobándose nesta Xunta de Goberno o Convenio tipo de cooperación interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e os concellos dos municipios da provincia con menos de 20.000 habitantes para participar nas actuacións a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das Entidades Locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sexto.- A Deputación de Lugo crea o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022, dividindo cada un dos tres proxectos a realizar en diferentes subactuacións. No Anexo I do convenio que se asinou con cada un dos concellos este indicou en cales das actuacións dispoñibles estaba interesado, permitindo desta forma axustar o alcance dos proxectos ás necesidades do concello. En particular estas son as actuacións nas que se subdividen os tres proxectos:

Proxecto 1. Adecuación ao esquema nacional de interoperabilidade e mellora da eficiencia dos servizos básicos de administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade supramunicipais. (enmarcado na liña estratéxica 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital).

Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes, creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación do sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais (enmarcado na liña estratéxica 4: Infraestruturas dixitais). Coas seguintes subactuacións:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 8/21 |

Oficinas de asistencia en materia de rexistro. Subministración do equipamento necesario para reconverter o servizo de rexistro municipal nunha oficina de asistencia cidadá.
Concellos resilientes. Consiste en dotar aos concellos de ferramentas colaborativas cloud así como de equipos que faciliten a mobilidade e o traballo a distancia.
Videoplenos. Subministración do equipamento e do *software* que permita a automatización do proceso de creación da acta dos plenos municipais, a través da implantación dun sistema que permita gravar as sesións plenarias e que esta gravación sirva como base para a acta do Pleno.

Proxecto 3. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles (enmarcado na liña estratéxica 1: Administración orientada ao cidadán).Coas seguintes subactuacións:
Ferramentas de accesibilidade na *web* municipal. Dotar dunha capa de ferramentas de accesibilidade sobre a web municipal.
Implantación dun chatbot na web municipal para a axuda ao cidadán. Integrado coa *web* municipal adestrado para responder as principais consultas dos cidadáns e que os guíe na consulta dos servizos públicos.
Implantación dun módulo de transparencia financeira no portal de transparencia do concello.

Sétimo.- Con data 28 de xullo de 2023 asínanse os convenios de colaboración con un total de 52 concellos. Cada un dos concellos adheridos ao programa a través de dito convenio achegan unha enquisa na que detallan o estado actual do concello en canto a software (indicando os sistemas operativos máis estendidos, o aplicativo de administración electrónica, de contabilidade, etc) como *hardware* (indicando os postos de traballo que teñen actualmente).

Oitavo.- Vistas as actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Noveno.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao apartado 11 da Orde TER/836/2022. Resolvendo a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 9/21 |

debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución.

Segunda.- Se ben no mes de decembro se iniciaron con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos, vistas as datas de formalización dos contratos (estando pendente de formalizar a día de hoxe ainda dous contratos). En aras dunha maior seguridade xurídica, a xuízo de quen subscribe, cómpre acollerse a esa posible ampliación na execución e solicitala no prazo establecido na normativa de aplicación de acordo coas seguintes motivacións:

A dificultade técnica, o volume e a extensión territorial das diferentes actuacións a executar que abordan tarefas tan esenciais como a dixitalización dos servizos públicos, a automatización dos procesos ou a dotación de infraestruturas tecnolóxicas aos 52 municipios adheridos da provincia.

A complexidade dos expedientes de contratación que son necesarios para abordar as distintas actuacións, a maioría deles expedientes que, polas súas características e importes, están suxeitos a regulación harmonizada e que por tanto están suxeitos a regras especiais na súa tramitación. De feito, a día de hoxe, faltan dous contratos aínda por formalizar que supoñen un 1.635.574,63 €.

A complexidade na implementación e coordinación da metodoloxía de xestión de Fitos e Obxectivos do PRTR, cos consecuentes atrasos que isto pode carrexar na tramitación dos expedientes de contratación.

Á vista dos expedientes de licitación existe unha baixada con respecto ao importe estimado, e polo tanto sobre o importe da subvención concedida, a ampliación do prazo de execución permitiría impulsar novos contratos vinculados aos proxectos aprobados co fin de optimizar os recursos e reforzar os obxectivos perseguidos polo plan.

Á vista das consultas realizadas ao Ministerio en relación a esta situación, cabe a posibilidade de solicitar unha nova prórroga sobre a anterior (que prórroga a execución ata o 30 de setembro de 2024) que permita finalizar os contratos iniciados con garantías, así como que permita tramitar as modificacións oportunas nos existentes ou iniciar outros novos co fin de optimizar os recursos da subvención.

*Conclusión*.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 11/21 |

Polo exposto e conforme o apartado 11 da Orde TER/836/2022, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta que con data oito de marzo de dous mil vinte e catro, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar as bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2024.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada con data oito de marzo de dous mil vinte e catro se publicou no BOP número 074 de sábado 30 de marzo de 2024.

Tendo en conta que de conformidade co punto Sexto das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo,

"…constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 12/21 |

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución."

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Valoración coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do procedemento trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, por non acadaren a puntuación suficiente para obter premio de acordo co número máximo de premios a conceder, e no seu caso os que superaron a idade máxima establecida ou formularon desistencia da solicitude, e no seu caso os que non emendaron documentación de acordo ao respectivo requirimento, ou ben non acreditaron méritos deportivos e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 10 de xullo de 2024 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración:

**1º.-** Aprobar o acordo de concesión provisional de premios a deportistas individuais, anualidade 2024, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 13/21 |

**2º.-** O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**3º.-** Notificar o presente acordo provisional aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE PSICÓLOGO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que foi caducada por decreto da presidencia de data catro de xuño de dous mil vinte e catro (04.06.2024) a listaxe de emprego temporal de psicólogo/a polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos; constatándose a necesidade de que a Entidade cree unha nova listaxe para poder atender as posibles carencias nos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 14/21 |

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de psicólogo/a, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no artigo 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020, e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 e publicada no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**3º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro, aprobadas en Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2024 e publicadas no BOP num. 151, do 01 de xullo de 2024, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 15/21 |

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE AUXILIAR PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento hai escaso persoal dispoñible na listaxe de emprego temporal de auxiliar para ser chamado á prestación de servizos no caso de existir a necesidade de cubrir un/ha posto/praza de forma urxente, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe de emprego temporal para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a mesma, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de auxiliar, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no artigo 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020, e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 e publicada no BOP núm. 161, do 15 de xullo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 16/21 |

2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**3º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro, aprobadas en Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2024 e publicadas no BOP num. 151, do 01 de xullo de 2024, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade,neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 17/21 |

listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, "Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos"-, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, grupo C –subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020, e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 e publicada no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**3º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro, aprobadas en Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2024 e publicadas no BOP num. 151, do 01 de xullo de 2024, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.




| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 18/21 |

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE PEÓN/PEOA DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade,neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”-, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 19/21 |

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais, agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020, e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 e publicada no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**3º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro, aprobadas en Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2024 e publicadas no BOP num. 151, do 01 de xullo de 2024, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 171/2024.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 20/21 |

"En relación co Oficio remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 0000171/2024 polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 171/2024 seguido a instancia de Dna. Carmen Viño Vila fronte aos seguintes actos administrativos:

"Acordo de data 23 de abril de 2024 da Deputación Provincial de Lugo ditado no expediente sancionador e frente ao acordo que ten que entenderse adoptado por silencio administrativo en méritos do recurso de reposición interposto frente ao anterior"

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWW2LKHR4XCVMQB4NGRBT6I | Página | 21/21 |